

Chegada dos restos de Ofelia a Galicia

A tormenta tropical Ofelia formouse o pasado luns, día 9, a 31º latitude norte e 40º oeste aproximadamente, ao suroeste dos Azores, sendo o primeiro aviso do National Hurricane Center (NHC) das 11 AM dese 9 de outubro. Isto quere dicir que se localizaba algo máis ao norte do habitual nestes fenómenos e tamén máis preto de África que do continente americano, sobre augas a 27ºC. Esa posición fixo que se localizase no límite entre os ventos alisios que o levarían cara ao continente americano e os ventos de oeste que o achegarían cara Europa. Ata hoxe mércores, continúa movéndose moi preto dese área, dentro da categoría de tormenta tropical (63-118 km/h), con ventos sostidos no entorno dos 90 km/h.

A previsión do NHC indica que nas seguintes 36 horas podería pasar a categoría de furacán (figura 1), manténdose nas xornadas do venres, sábado e primeiras horas do domingo con ventos máximos sostidos en torno aos 130 km/h polo que se mantería sempre na categoría 1 dentro da escala Saffir-Simpson (119-153 kmh). A medida que avance o domingo debería facer a transición a tormenta extratropical e diminuír a intensidade dos ventos, aínda que nas primeiras horas dese día 16 estarían por riba dos 100 km/h.




Figura 1: Traxectoria prevista de Ofelia para os vindeiros 5 días segundo o NHC

En canto a traxectoria, Ofelia moverase rapidamente a partir do sábado e nas últimas horas do domingo e primeiras do luns afectaría a Galicia (figuras 1 e 2).




Figura 2: Momentos máis probables para a chegada de Ofelia e probabilidade de verse afectados por ventos superiores aos 60 km/h

Entre o domingo e o luns temos que ter en conta xa a previsión dos modelos GFS e ECMWF para seguir con máis detalle a súa traxectoria na transición a tormenta extratropical. Tendo en conta o GFS vemos como ás 20 horas do domingo 15 os restos de Ofelia se localizarían sobre o Atlántico ao oeste de Galicia (figura 3)




Figura 3: Posición de Ofelia ás 20 horas do domingo, 15, segundo o GFS.

O modelo ECMWF ten un prognóstico moi semellante, pero Ofelia chegaría algo máis tarde posto que a mesma situación correspondería ás 2AM do luns, día 16 (figura 4).




Figura 4: Posición de Ofelia ás 2 horas do luns, 16, segundo o ECMWF.

Conclusión: A tormenta tropical Ofelia formouse o pasado luns ao suroeste dos Azores, sobre augas cálidas, nun entorno sen apenas vento. Logo de varias xornadas cun movemento moi escaso, a partir do sábado, convertido nun furacán categoría 1, collerá unha traxectoria cara á península Ibérica. Durante a xornada do domingo, ao abandonar as augas cálidas irase debilitando, pero chegará aínda con ventos importantes na noite do domingo e na madrugada do luns a Galicia. A día de hoxe as chuvias non parece que vaian a ser moi significativas. De tódolos xeitos compre atender aos avisos do NHC nas seguintes xornadas por posibles cambios na traxectoria, que poderían levar a cambios no prognóstico en Galicia.